

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de MAIO de 2004**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de maio de 2004, ás DEZAOITO HORAS.

ASUNTOS

*Declaración institucional sobre o grupo IZAR.

*Declaración institucional de Barcelona

*Declaración institucional sobre UROVESA

Central-Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 6/04, do 30 de abril.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 5.500 á nº de 2004.

Cooperación e Asistencia a Concellos

3.-Rectificación interna da distribución do financiamento dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004.

4.-Rectificación das medidas e distribución interna do financiamento do Programa operativo local anualidade 2004.

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra plurianual “Transvasamento, construción de depósito e distribución de auga en Bañas, Pr. do Concello de Vimianzo”, incluída no Programa operativo local adicional 1/2002 e POL 2003. Código 02.2301.0090.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

6.-Proposta de aprobación do Plan adicional ao 2000 de recuperación de arquitectura popular.

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación e afirmado en Cabrui e outros” do Concello de Mesía, incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e de travesías municipais 2003. Código 03.3800.0065.0.

Infraestructuras viarias: vías e obras provinciais

8.-Aprobación técnica dos proxectos incluídos na PRIMEIRA RELACIÓN DA ANUALIDADE 2004 DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS PERÍODO 2002-2005 e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras comprendidas na dita relación.

9.-Dar conta da relación de obras que se van incluír no Plan de travesías 2004-2007 2ª e 3ª fase, anualidade 2004.

Persoal e Réxime Interior

10.-Toma de coñecemento e ratificación da resolución da Presidencia núm. 6.862, do 6 de maio de 2004, sobre a designación de D. CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ, como representante desta Excma. Deputación nos órganos de goberno da FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE MAIO DE 2004

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de maio de 2004, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON MANUEL NOCEDA LAMELA	PSOE
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DON MANUEL TABOADA VIGO	PP	
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP	
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS		BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ		BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dezoito horas e cinco minutos, e antes de comezar cos puntos da orde do día, o Sr. secretario procede á lectura das seguintes declaracións institucionais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O GRUPO IZAR

Despois da reconversión naval aplicada na Comarca de Ferrolterra na década dos 80 e parte dos 90 que supuxo a perda de máis de 11.000 empregos directos, novamente no ano 2004 atopámonos ante outra grave situación diante da posible aplicación dunha nova reconversión no Grupo Izar, e máis no concreto en IZAR-Fene e IZAR-Ferrol, pola decisión da Unión Europea e do goberno do Estado Español, que xenera incertidumes ao respecto da viabilidade futura do sector naval público en Galicia.

Mentres a nivel mundial a demanda medra notablemente dende 1999, acadándose cifras superiores ás de produción, que mesmo chegan a igualar nos últimos cinco anos ás máximas históricas, España viu reducida á metade a súa cota de participación no mercado das novas construcións mundiais. Se o sector da construción naval ten unha demanda superior á produción, non se pode falar de crise no sector, senón de políticas comerciais e industriais inadecuadas.

Convén salientar que o único sector naval público en Galicia (IZAR-Fene e IZAR-Ferrol) aséntase na Ría de Ferrol; polo tanto, este sector é de tanta importancia que non se pode permitir ningún novo atranco que poña en perigo o sector ou os postos de traballo, tanto directos como indirectos, nesta comarca de Ferrolterra.

Para a recuperación económica e social da comarca de Ferrolterra, e evitar a perda de empregos directos e indirectos, cómpre dar un tratamento integral á industria pública na Ría de Ferrol (Grupo IZAR), coa posta en marcha das capacidades produtivas, tanto na industria principal como na industria auxiliar, que aborden as fórmulas necesarias para competir en actividades como a construción de buques mercantes, buques militares, plataformas petrolíferas, artefactos off-shore, reparacións civís e militares, grandes transformacións, fabricación de bens de equipo, turbinas e aeroxeneradores, e enxeñería e deseño de produtos innovadores do mercado. Asemade

e paralelamente, é imprescindible afortalar, incrementar e acelerar a construción de infraestruturas que estimulen a implantación de novas empresas vencelladas a outros sectores económicos.

Polo exposto anteriormente o Pleno da Deputación demanda:

1º) Que o goberno do Estado solicite á Comisión Europea unha moratoria para a devolución das axudas polo tempo que se estime necesario para non comprometer a viabilidade de IZAR.

2º) Que se redacte un Plan industrial negociado con todos os axentes sociais e, de acordo coas Comunidades Autónomas concernidas, que inclúa medidas de carácter empresarial que resolvan o problema da competitividade dos asteleiros e que teña como obxectivos:

- Manter todos os centros de IZAR.
- Consolidar e, se é posible, tratar de incrementar a capacidade de produción asignada ao Estado Español, e cifrada en 191.500 TBCs.
- Intensificar a actividade comercial para conseguir contratos que doten aos asteleiros de carga de traballo.
- Permitir que IZAR-Fene constrúa barcos, eliminando as prohibicións actuais.
- Modificar a estrutura organizativa de IZAR de xeito que se conformen complexos integrais de construción naval a escala territorial, nomeadamente entre as dúas factorías da Ría de Ferrol.
- Que se fomenta por parte do Grupo IZAR unha coordinación estable e permanente coa industria auxiliar do sector.

3º) Que a Xunta de Galicia defenda firmemente o sector naval público galego, asumindo as competencias necesarias para recuperar un dos sectores industriais fundamentais da economía galega.

4º) Que se defenda diante da Unión Europea a extensión das axudas para todo tipo de buques mentres non haxa acordo na OCDE e dure a falta de acordo na Organización Mundial do Comercio (OMC), e negociar a súa aplicación para os asteleiros españois.

5º) Que polo goberno do Estado e da Xunta de Galicia se acelere a construción de comunicacións viarias e ferroviarias, así como o proceso de dotación de solo industrial na Comarca de Ferrolterra-Eume-Ortegal; que se fomenten e apoiem as iniciativas de diversificación industrial; e que se potencien as relacionadas coa posta en valor do patrimonio histórico-artístico e natural.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

DECLARACIÓN DE BARCELONA

Celebrouse en Barcelona o IV Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social, froito dun proceso que nace no contexto do primeiro Foro Social Mundial de Porto Alegre en 2001, a partir da vontade de manter pontes entre as autoridades locais e os movementos sociais, na procura dun mundo máis xusto, solidario e democrático. Nesta procura, as autoridades locais, a partir do traballo en redes, nas súas diversas expresións territoriais e temáticas, alcanzaron un espazo político e asumiron un papel para o fomento de políticas públicas para a inclusión social.

Recoñecemos que son moitas as situacións de exclusión, en particular as de pobreza extrema e fame, e por iso este Foro comprométese a fomentar a solidariedade entre as cidades e as sociedades civís a través da cooperación descentralizada, facendo un chamamento á comunidade internacional para que asuma as súas responsabilidades diante desta realidade.

Este IV Foro de Autoridades locais para a Inclusión Social celebrouse despois da fusión das organizacións municipalistas internacionais (FMCU-IULA) realizada en París os días 2 e 5 de maio, que deu orixe á nova organización de cidades para se converter nun actor influente na área das relacións internacionais.

Neste contexto, o IV Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre, celebrado en Barcelona antes do inicio do Forum Universal das Culturas, centrou os seus traballos en torno ao tema da cultura como elemento de inclusión social, de democratización, de solidariedade e de cultura da paz.

O período transcorrido desde a realización do III Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre confirmou algunhas das peores previsións que nos seus debates e conclusións se formularan. A dinámica da guerra encóntrase lamentablemente no primeiro plano da actualidade mundial. Neste contexto de guerra, violencia, ocupacións de territorios e de terrorismo internacional, as cidades poden asumir como obxectivo, un papel importante como mediadoras de conflitos e como transmisoras dunha cultura de paz. E neste sentido as iniciativas dos poderes locais en cooperación cos movementos sociais deben constituír o contrapunto necesario para reverter a lóxica da confrontación.

Nesta orde de cousas, a cultura debe ser entendida sempre nun sentido amplo, desde a participación cidadá, lonxe de concepcións elitistas ou pechadas, como elemento constituínte dunha longa mestizaxe creativa resultado da convivencia e do diálogo entre pobos e persoas, como un elemento central dos dereitos humanos en toda a súa plenitude e como factor de inclusión e xustiza social.

Este Foro de Autoridades locais recoñece que a inclusión pasa polo fomento e compromiso coa participación cidadá e a democracia participativa, recoñecendo a

capacidade que as persoas teñen para incidir na súa realidade social concreta. As cidades non poderán mellorar se a cidadanía non ten mecanismos directos de intervención das decisións que afectan ás súas vidas.

O dereito á comunicación e información preséntase como unha cuestión central para o desenvolvemento cultural e democrático. Por iso, este Foro comprométese a fomentar espazos e medios de comunicación públicos e privados non comerciais ao servizo dunha información alternativa que dea voz ás cidades e á sociedade civil.

O Foro de Autoridades Locais para a inclusión social orienta as súas accións para facer, desde as cidades, que outro mundo sexa posíbel sobre bases de xustiza e equidade social. Coherente coa súa vocación, xa expresada no primeiro Foro de Autoridades Locais, de que as cidades teñan voz propia e participen nos organismos internacionais. O IV Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social promoverá a Axenda 21 da Cultura como compromiso e programa das cidades para o desenvolvemento cultural da Humanidade. A Axenda 21 da Cultura presentarase ao Foro Urbano Mundial das Nacións Unidas, que se celebrará en Barcelona, no próximo mes de setembro, coa vontade de que sexa adoptada como documento de referencia e de traballo no plano mundial.

Chegamos ao acordo de crear unha Comisión sobre Inclusión Social e Democracia Participativa, que se artellará coa nova organización de “Cidades e gobernos locais unidos”.

Os gobernos locais que así o decidan, mediante acordo formal, poderán adherirse a este Rede, asumindo os compromisos políticos emanados das resolucións e declaracións das diferentes edicións do Foro de Autoridades Locais. Nesta Declaración, na que participaron máis de 300 cidades procedentes de 44 países, acordamos establecer un proceso de formalización da Rede de Autoridades locais para a Inclusión Social, dando cabida ás diferentes redes, foros e expresións dos entes locais e da sociedade civil, que terá a súa concreción no vindeiro Foro de Autoridades locais de Porto Alegre en 2005.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á EMPRESA UROVESA

O Ministerio de Defensa convocou un concurso para a contratación durante os próximos cinco anos dunha cantidade importante de vehículos, con autobastidor de carácter todoterreo e cunha capacidade de carga útil de 1.000 kg. e oito soldados. As tres empresas que se presentaron nun principio foron Urovesa de Santiago de Compostela; Santana Motor de Linares e a británica Land Rover, que se retirou do concurso.

Urovesa presentouse co seu vehículo especial VAM TL, no que a empresa fixo un investimento importante en I+D para o seu desenvolvemento específico. A mediados

do mes de marzo do presente ano a Xunta de Andalucía afirmou publicamente o seu convencemento de que o vehículo Aníbal da firma Santana, radicada en Linares (Jaén), ía gañar este concurso para a elección do vehículo todo terreo oficial do Exército. A declaración realizouna o día 10 de marzo o conselleiro de Emprego e Desenvolvemento Tecnolóxico, José Antonio Vise, cando aínda non remataran as probas oficiais dos vehículos, e o Ministerio de Defensa non se pronunciara en torno os seus resultados nin a esta convocatoria.

Urovesa debido á presión política e mediática a favor de Santana Motor -un feito inusual nun concurso público- viuse forzada a intervir publicamente para pedir prudencia ao goberno andaluz e para que esperase ao ditame da Comisión Técnica de Defensa que debía analizar pormenorizadamente todos os datos resultantes de tres meses de profundas probas. Estes exercicios comezaron o 15 de decembro de 2003 e consistiron nunhas durísimas comprobacións para verificar as prestacións dos coches nas situacións máis diversas nas que o vehículo de Urovesa, fabricado en Compostela, superou moi sobradamente todas as probas e fixo notar as súas mellores prestacións e vantaxes técnicas ao contar cunha tecnoloxía máis avanzada que a do seu rival.

O concurso para a dotación destas unidades para o exército é de vital importancia para o futuro de Urovesa. A empresa galega é pioneira no desenvolvemento e investigación aplicada aos vehículos especiais de alta mobilidade que emprega directamente a 150 persoas, 80 delas na súa factoría do Tambre, e xera un emprego inducido de 400 traballadores. De gañar o concurso o emprego total xerado por Urovesa sería de 1.130 persoas, 250 en Santiago. Estas cifras refírense só ás necesidades de persoal derivadas de gañar este concurso. O feito de que o exército do Estado español homologue este vehículo consolidaría a situación de Urovesa no mercado internacional ao tempo que se lle abrirían novas oportunidades de negocio. Antes estas circunstancias,

A Deputación da Coruña está segura de que o concurso para a contratación dos novos vehículos do exército resolverao o Ministerio de Defensa ponderando adecuadamente os elementos que deben decidir o concurso garantindo rigorosamente a legalidade do proceso.

Por outra parte, ante as perspectivas de ampliación e crecemento que este Concurso aportaría á empresa UROVESA e, en consecuencia ao desenvolvemento industrial e laboral na área de Santiago, a Deputación da Coruña manifesta o seu total apoio a esta empresa, en todas as actuacións precisas para facilitar a súa expansión dentro da área de competencia desta institución.

Por todo iso, a Deputación da Coruña manifesta e reitera o seu interese por manter e potenciar o dinamismo que esta empresa vén demostrando tanto no concepto de I+D+I dos seus produtos, como na súa presenza nos mercados español e internacional, así como recabar o apoio da Xunta de Galicia para esta Declaración Institucional.

Sr. presidente

Grazas, Sr. secretario. Antes de pasar aos asuntos da orde do día, gustaríame informar ao Pleno desta Corporación dunha carta que enviei o 26 de maio ao ministro de Defensa, don José Bono Martínez, con respecto a este asunto que se tratou en último lugar, que di textualmente: “Con data do 2 de xuño de 2003, o Ministerio de Defensa convocou un concurso denominado “Declaración de necesaria uniformidade” para escoller os vehículos lixeiros que nos próximos anos mercará o Ministerio que ti dirixes.

A empresa URO, Vehículos Especiais S.A. situada en Santiago de Compostela gañou catro concursos “DNU” desde 1984 e veu fornecendo vehículos de diferentes tipos a ese Ministerio ademais de realizar un gran labor na exportación dos seus vehículos a outros exércitos estranxeiros.

Esta empresa goza dun recoñecido prestixio no segmento de vehículos especiais e visitáronna altas personalidades membros de diferentes gobernos anteriores e do corpo militar desde 1984.

Dada a súa alta especialización e dedicación á fabricación de vehículos militares e aos seus equipamentos operativos acordes coas necesidades específicas dos exércitos, presentouse ao concurso antes citado e sería dunha gran importancia para esta empresa e para Galicia obter a continuidade nas provisións ao Ministerio de Defensa de España o cal suporía manter o emprego, ademais dun gran apoio ás operacións de exportación que nestes momentos ten formuladas.

Sometendo sempre a decisión final á obxectividade e á cualificación técnica da Comisión de Valoración, como presidente da Deputación da Coruña, teño a obriga de manifestar o meu interese e prestar todo o apoio para que unha empresa da miña Provincia continúe sendo provedora dese Ministerio.”

Esta carta, enviada ao ministro, mandóuselle tamén ao subsecretario de Defensa, e cónstame que outras autoridades de Galicia se preocuparon tamén para tratar de conseguir que este contrato se lle adxudique a esta empresa de Santiago.

A continuación, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/04, DO 30 DE ABRIL .

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/04, correspondente á celebrada o día 30 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 5.500 Á N° 7.199 DE 2004.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n° 5.500 á n° 7.199 de 2004.

3.-RECTIFICACIÓN INTERNA DA DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PROXECTO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL 2004 .

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Simplemente para abreviar este Pleno, que vostede dispoña a orde do día como mellor lle conveña, dicirle que o grupo provincial popular, dende o punto 3 até o n° 10, ambos os dous inclusive, vai votar a favor deles porque entendemos que algúns temas son de dación de conta, que son competencia súa, outros son, máis ou menos, de trámite, outros serán proxectos, obras, que máis ou menos estaban en marcha. Polo tanto, dicir que do 3 ao 10, ambos os dous inclusive, este grupo vai votar a favor deles. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sr. Torres, entón danse por aprobados por unanimidade todos os puntos da orde do día.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Visto o escrito recibido do Ministerio de Administracións Públicas por medio do cal se presta conformidade con observacións ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004, e ao seu Plan complementario, que foi aprobado por acordo plenario desta Deputación do 27 de febreiro de 2004, no marco do establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño e Orde ministerial do 23 de xaneiro de 2004.

Analizadas as observacións que se conteñen no citado escrito relativas a 8 actuacións de compras de bens que se deben financiar sen achega estatal, así como a

observación relativa á obra nº 372 do Concello de Vilasantar que non é subvencionábel por razón do seu obxecto.

Estudadas as posibilidades de realizar axustes internos da distribución do financiamento das obras incluídas no POS 2004 de forma que sen variar a relación de actuacións incluídas nin as cifras globais de financiamento entre as distintas administracións cofinanciadoras, se modifique internamente a distribución do seu financiamento entre as distintas administracións cofinanciadoras.

1º Rectificar internamente a distribución do financiamento das 8 actuacións nº: 182, 184, 205, 244, 245, 246, 298 e 305 que non son propiamente obras senón que se trata de compra de bens, así como a obra nº 372 do concello de Vilasantar, eliminando a achega estatal e incrementando na mesma medida a achega provincial, mantendo invariábeis as correspondentes achegas municipais e o presuposto total delas.

Reciprocamente, realizar a operación inversa na obra nº 227 do Concello de Oleiros denominada “Escola infantil SUP-1R” de forma que se incremente a achega estatal e se diminúa na mesma medida a achega provincial, mantendo invariábel a achega municipal e o presuposto total da obra.

Todo isto na forma en que a continuación se indica:

APROBADO PLENO 27-2-2004

◆ ***ACTUACIÓNS ÁS QUE LLE HABERÁ QUE ELIMINAR A ACHEGA ESTATAL**

● **SUBMINISTRACIÓNS**

CONC.	CÓDIGO	Tipo de obra	DENOMINACIÓN	MAP	DEP. F.P.	DEP. PREST.	CONC	TOTAL
MESIA	04.2100.0182.0	599	ADQ.TRACTOR -ROZADOIRA	16.023,42	47.867,46	40.514,12	5.495,00	109.900,00
MIÑO	04.2100.0184.0	51021	ACC.VIV.PROTEXIDAS-BRA	11.459,04	25.741,82	21.787,39	19.606,00	78.594,25
MUROS	04.2100.0205.0	00599	MAQUINARIA BRIGADA OBRAS	5.872,62	17.204,56	14.561,61	2.639,81	40.278,60
ORTIGUEIRA	04.2100.0244.0	51538	SUBMINISTRACIÓN REGUL.TRÁFICO	4.392,25	13.121,18	11.105,51	1.506,26	30.125,20
	04.2100.0245.0	00599	SUBMINISTRACIÓN MOBILIARIO URBANO	9.217,51	27.535,87	23.305,84	3.161,01	63.220,23
	04.2100.0246.0	00599	SUBMINISTRACIÓN CAMIÓN BASCULANTE	4.381,38	13.088,68	11.078,01	1.502,54	30.050,61
ROIS	04.2100.0298.0	00599	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS	4.558,59	13.490,02	11.417,70	1.799,75	31.266,06
SAN SADURNIÑO	04.2100.0305.0	00599	CAMIÓN RECOLECTOR-COMPACTADOR	17.699,25	52.873,73	44.751,32	6.069,70	121.394,00
T O T A L	8			73.604,06	210.923,32	178.521,50	41.780,07	504.828,95

● **OBRA DE VILASANTAR**

VILASANTAR	04.2100.0372.0	599	PECHE DE PARCELA DE RU E O-	5.911,68	17.660,23	14.947,29	2.027,33	40.546,53
------------	----------------	-----	-----------------------------	----------	-----------	-----------	----------	-----------

● **TOTAL SUBMINISTRACIÓN S + OBRA 372 DE VILASANTAR**

79.515,74	228.583,55	193.468,79	43.807,4	545.375,48
------------------	-------------------	-------------------	-----------------	-------------------

*** ACTUACIÓN S ÁS QUE LLES HABERÁ QUE INCREMENTAR A ACHEGA ESTATAL**

OLEIROS	04.2100.227.0	42529	ESCOLA INFANTIL SUP-1R	42.767,51	190.671,95	161.381,13	460.529,54	855.350,13
---------	---------------	-------	------------------------	-----------	------------	------------	------------	------------

MODIFICACIÓN PLENO MAIO 2004

***ACTUACIÓNS ÁS QUE LLES HABERÁ QUE ELIMINAR A ACHEGA ESTATAL**

● **SUBMINISTRACIÓNS**

CONCE.	CÓDIGO	Tipo de obra	DENOMINACIÓN	MAP	DEP. F.P.	DEP. PREST.	CONC.	TOTAL
MESÍA	04.2100.0182.0	599	ADQ.TRACTOR -ROZADOIRA	0	63.890,88	40.514,12	5.495,00	109.900,00
MIÑO	04.2100.0184.0	51021	ACC.VIV.PROTEXIDAS-BRA	0	37.200,86	21.787,39	19.606,00	78.594,25
MUROS	04.2100.0205.0	00599	MAQUINARIA BRIGADA OBRAS	0	23.077,18	14.561,61	2.639,81	40.278,60
ORTIGUEIRA	04.2100.0244.0	51538	SUBMINISTRACIÓN REGUL.TRÁFICO	0	17.513,43	11.105,51	1.506,26	30.125,20
	04.2100.0245.0	00599	SUBMINISTRACIÓN MOBILIARIO URBANO	0	36.753,38	23.305,84	3.161,01	63.220,23
	04.2100.0246.0	00599	SUBMINISTRACIÓN CAMIÓN BASCULANTE	0	17.470,06	11.078,01	1.502,54	30.050,61
ROIS	04.2100.0298.0	00599	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS	0	18.048,61	11.417,70	1.799,75	31.266,06
SAN SADURNIÑO	04.2100.0305.0	00599	CAMIÓN RECOLECTOR-COMPACTADOR	0	70.572,98	44.751,32	6.069,70	121.394,00
TOTAL 8 SUBMINISTRACIÓNS				0	284.527,38	178.521,50	41.780,07	504.828,95

● **OBRA DE VILASANTAR**

VILASANTAR	04.2100.0372.0	599	PECHE DE PARCELA DE RU E O.	0	23.571,91	14.947,29	2.027,33	40.546,53
------------	----------------	-----	-----------------------------	---	-----------	-----------	----------	-----------

● **TOTAL SUBMINISTRACIÓNS + OBRA 372 DE VILASANTAR**

0	308.099,29	193.468,79	43.807,4	545.375,48
---	------------	------------	----------	------------

*** ACTUACIÓNS ÁS QUE LLES HABERÁ QUE INCREMENTAR A ACHEGA ESTATAL**

OLEIROS	04.2100.227.0	42529	ESCOLA INFANTIL SUP-IR	122.283,25	111.156,21	161.381,13	460.529,54	855.350,13
---------	---------------	-------	------------------------	------------	------------	------------	------------	------------

- RESUMO MODIFICACIÓN SUBMINISTRACIÓNS + OBRA 372	-79.515,74	79.515,74	0	0	0
- RESUMO MODIFICACIÓN OBRA 227	79.515,74	-79.515,74	0	0	0
DIFERENZA	0	0	0	0	0

2º Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4º Remitirlle o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do Plan.

4.-RECTIFICACIÓN DAS MEDIDAS E DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ANUALIDADE 2004.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Visto o escrito recibido do Ministerio de Administracións Públicas por medio do cal se presta conformidade á anualidade 2004 do Programa operativo local objetivo 1, 2000-2006, e ao seu Plan complementario, que foi aprobado por Acordo plenario desta Deputación do 27 de febreiro de 2004, no marco do establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño e na Orde ministerial do 23 de xaneiro de 2004.

Vista a indicación que contén o citado escrito relativa ao novo criterio adoptado polo Comité de seguimento do POL que acordou que as actuacións se deben propoñer na medida correspondente ao tramo de poboación dos concellos no momento da súa proposta.

Tendo en conta que este novo criterio afecta á obra nº 130 “Saneamento Casal Celas 2-f, saneamento Río Valiñas” do Concello de Culleredo que pasou ao tramo dos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes, e que por tanto se debe pasar da medida 5.3 de infraestruturas e equipamentos colectivos en concellos de menos de 20.000 habitantes cuxa taxa de cofinanciamento FEDER é do 70%, á medida 3.3 de saneamento e depuración de augas residuais en concellos de máis de 20.000 habitantes cuxa taxa de cofinanciamento FEDER é do 75%.

1º Rectificar as medidas e a distribución interna do financiamento do Programa operativo local 2004 con motivo do cambio de medida de inclusión da obra nº 130 “Saneamento Casal Celas 2-f, saneamento Río Valiñas” do Concello de Culleredo que se debe pasar da medida 5.3 de infraestruturas e equipamentos colectivos en concellos de menos de 20.000 habitantes cuxa taxa de cofinanciamento FEDER é do 70%, á medida 3.3 de saneamento e depuración de augas residuais en concellos de máis de 20.000 habitantes cuxa taxa de cofinanciamento FEDER é do 75%.

Todo isto na forma en que a continuación se indica:

APROBADO POLO PLENO DO 27 de febreiro de 2004
Medida 5.3: Infraestrutura e equipamentos colectivos en concellos de menos de 20.000 habitantes

Denominación		Administración nacional (30%)
"Saneamento Casal Celas 2-f, saneamento Río Valiñas"	a) AXE (MAP)	a) AXE (MAP)
	b) Administración local	b) Administración local
		c) Concello
	c) Subtotal	d) Subtotal
Presuposto		
631.062,71	a) 53.703,44	a) 23.033,79
	b) 388.040,46	b) 134.731,88
		c) 31.553,14
	c) 441.743,9	d) 189.318,81

MODIFICACIÓN POLO PLENO de maio 2004		
Medida 3.3 : Saneamento e depuración de augas residuais en concellos de máis de 20.000 habitantes		
Denominación	Fondos estruturais (75%)	Administración nacional (25%)
"Saneamento Casal Celas 2-f, saneamento Río Valiñas"	a) AXE (MAP)	a) AXE (MAP)
	b) Administración local	b) Administración local
		c) Concello
	c) Subtotal	d) Subtotal
Presuposto		
631.062,71	a) 57.552,92	a) 19.184,31
	b) 415.744,11	b) 107.028,24
		c) 31.553,13
	c) 473.297,03	d) 157.765,68

2º Como consecuencia de dita modificación, o resumo das cifras globais de financiamento da anualidade 2004 do POL, detalladas por axentes financiadores e medidas de actuación é o seguinte:

	Medida 5.3	Medida 3.3	Medida 3.1	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	790.259,04	103.645,72	4.804,31	898.709,07
FEDER	3.996.137,06	561.513,72	22.555,91	4.580.206,69
DEPUTACIÓN	1.387.502,42	144.555,42	10.170,4	1.542.228,24
CONCELLO	324.942,03	42.616,57	1.975,3	369.533,9
TOTAL	6.498.840,55	852.331,43	39.505,92	7.390.677,9

3º Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

5º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

6º Remitirle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

7º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do plan.

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PLURIANUAL “TRANSVASAMENTO, CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO E DISTRIBUCIÓN DE AUGA EN BAÍÑAS, PR.” DO CONCELLO DE VIMIANZO, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2002 E POL 2003. CÓDIGO 02.2301.0090.0 .

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Visto o proxecto reformado da obra "Trasvase, construción de depósito distribución de auga en Baíñas, pl" do Concello de Vimianzo, incluída con carácter de plurianual no POL adicional 1/2002 e POL anualidade 2003 (código 02.2301.0090.0) que foi presentado polo Servizo Director das obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 825.057,34 € o proxecto reformado da obra "Trasvase, construción de depósito e distribución de auga en Baíñas, pl" do Concello de Vimianzo, incluída no POL adicional 1/2002 e POL anualidade 2003 (código 02.2301.0090.0), que foron aprobados polo Pleno da corporación en sesións celebradas o día 27 de setembro de 2002 e 31 de xaneiro de 2003 respectivamente.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado. O incremento finánciao integramente a Deputación. (Código: 03.2300.0090.1)

Con isto os datos de financiamento da obra quedan como segue:

Trasvase, construción de depósito e distribución de auga en Baíñas, pl- Concello de Vimianzo
--

	Presuposto proxecto inicial a prezos de contrata			Presuposto reformado a prezos de contrata	Diferenza
	Anualidade 2002 02.2301.0090.0	Anualidade 2003 03.2300.0090.0	TOTAL INICIAL		03.2300.0089.1
Deputación f.p.	69.993,91	75.409,32	145.403,23	281.781,92	136.378,69
Deputación outros	16.773,67	17.660,26	34.433,93	34.433,93	0
MAP	40.811,22	42.949,75	83.760,97	83.760,97	0
FEDER	207.894,63	217.185,89	425.080,52	425.080,52	0
TOTAL	335.473,43	353.205,22	688.678,65	825.057,34	136.378,69

3º.- O incremento de presuposto do proxecto financiarase con cargo ao saldo dispoñíbel na partida 0501/519B/60145 do vixente presuposto provincial.

4º.- Dispor a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitirille o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorábelmente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

6º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorábelmente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

7º.- Remitirille o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de administración local de Galicia, debéndose entender emitido informe favorábel no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude.

6.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO ADICIONAL AO 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR .

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º- Aprobar o Plan adicional ao 2000 de recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña. A relación de investimentos contidos no plan e o detalle das obras e servizos que se han executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

As obras incorporadas no plan relaciónanse a continuación:

COD.	CONCELLO	OBRA	PTO	ACH. PROV
				ACH.MNCP

04-4101-0001.0	Arzúa	“Lavadoiro León de Arriba-Oins”	15.577,81	15.577,81
04-4101-0002.0	Arzúa	“Lavadoiro Filgueira-Villantime”	10.366,62	10.366,62
04-4101-0003.0	Arzúa	“Fonte de Pastoriza A Nova”	2.913,00	2.913,00
04-4101-0004.0	Arzúa	“Fonte de Pedrosa-Villantime”	2.641,11	2.641,11
04-4101-0005.0	Arzúa	“Lavadoiro Baiobre-Branzá”	12.592,47	12.592,47
04-4101-0006.0	Arzúa	“Capela da Madalena”	26.248,02	26.248,02
04-4101-0007.0	Arzúa	“Fonte da Carballeira en Viños”	2.406,81	2.406,81
04-4101-0008.0	Arzúa	“Lavadoiro Río Vello”	20.370,56	17.314,42
				3.056,14
04-4101-0009.0	Frades	“Obras e melloras na Igrexa Parroquial de S. Xoán de Vitre”	4.246,75	4.246,75
04-4101-0010.0	Miño	“Cruceiro de Calobre”	4.579,96	4.579,96
04-4101-0011.0	Muxía	“Arranxo Pedra de Abalar”	15.002,60	15.002,60
04-4101-0012.0	Muxía	“Recuperación camiños e cruceiros de distintos lugares”	24.826,79	24.826,79
04-4101-0013.0	Muxía	“ Restauración casa reitoral Santuario da Barca”	28.303,27	28.303,27
04-4101-0014.0	Oza dos Rios	“Recuperación do adro de San Nicolás de Cines”	18.221,28	14.760,62
				3.460,66
04-4101-0015.0	Ponteceso	“Adecuación do adro da Igrexa de Tella”	25.212,04	25.212,04
04-4101-0016.0	Ponteceso	“Recuperación do vello camiño do Fontán Tella	17.012,78	17.012,78
04-4101-0017.0	Ponteceso	“Reforma do porche da Igrexa de Xornes	26.868,87	26.868,87
04-4101-0018.0	Ponteceso	“Recuperación da Capela dos Anxos	26.125,34	26.125,34
04-4101-0019.0	Ponteceso	Traballos de carpintería na Capela da Ourada”	23.964,27	23.964,27
04-4101-0020.0	Santa Comba	“Mellora do contorno do Pazo de Santiso	14.129,20	14.129,20
04-4101-0021.0	Touro	“Rehabilitación do retablo da Igrexa de San Xoán de Fontes Rosas”	6.512,65	6.512,65
		TOTAL...	328.122,20	321.605,40
				6.516,80

A contratación das obras e servizos incorporados na relación, délegase nos concellos respectivos con arreglo aos seguintes criterios:

A.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os Pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

B.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das administracións públicas.

No caso do concurso, o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

C.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

D.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ao establecido na Lei de contratos das administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

E.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitirle á deputación:

a).- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servizos.
- Se a adxudicación se realizase mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".

- No caso de concurso ademáis da "Acta apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.

- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a inserción do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

b).- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servizos acompañarase un exemplar da factura.

- Fotografía do cartel da obra.

- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepcións:

Os concellos deberán comunicarlle á deputación cunha antelación de polo menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da deputación a ela, se así se considerase oportuno

As baixas rexeranse polo criterio de aplicación proporcional.

Resolución de contratos:

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputábel.

2.- Estabéllese o 30 de setembro de 2004 como última data para remitirle á deputación a documentación xustificativa da contratación das obras e servizos incorporados no plan. A documentación xustificativa da execución ou prestación das obras ou servizos deberá remitírselle á deputación con anterioridade ao 30 de xuño de 2005.

3.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

4.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia.

5.- Facultar ao Presidente para canto proceda en orde á xestión e efectución do presente acordo.

6.- A achega provincial ao presente Plan adicional ao 2000 de recuperación de arquitectura popular, que ascende a 321.605,40 euros será financiada con cargo á partida 0305/469A/762.31 do presuposto da Corporación. A achega municipal ascende a 6.516,80 € e, polo tanto, o total do Plan adicional a 328.122,20 €.

7.- Conceder un mes de prazo aos Concellos de Boiro, Cerceda, Coristanco, Padrón, Rois, Santiago e Teo, para formular ou completar a súa solicitude con cargo ao plan.

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN E AFIRMADO EN CABRUI E OUTROS" DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDA NO PROXECTO XXI DE INFRAESTRUTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2003. CÓDIGO 03.3800.0065. 0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aprobar o proxecto reformado da obra "**Pavimentación e afirmado en Cabrui e outras**" (código 03.3800.0065.0) do **Concello de Mesía**, con contratación correspondente ao concello, que foi incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e de travesías municipais de 2003, aprobado polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 25 de abril de 2003, dado que introduce modificacións importantes

ao engadir 6 novas pistas que se han realizar na rede viaria municipal de Mesía en substitución de cinco camiños dos previstos no proxecto técnico inicial, pero sen alterar o orzamento total da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.

8.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NA PRIMEIRA RELACIÓN DA ANUALIDADE 2004 DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS PERÍODO 2002-2005 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NA DITA RELACIÓN .

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar tecnicamente os proxectos da primeira relación da anualidade 2004 do Programa de actuación na rede de estradas provinciais período 2002-2005:

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA, DO PK. 8,825 AO PK. 17,600 (1)	248.931,52	15.944,43
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO, DO PK. 4,260 AO PK. 4,860	610.662,73	18.550,94
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1703 DO ESPÍRITO SANTO A FRAÍS, DO PK. 1,440 AO PK. 2,440	302.691,79	40.572,77
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 8001 DE CRUCES A PENABRANCA, DO PK. 0,000 AO 0,240	89.465,95	86.520,03
ENSANCHE E MODIFICADO DA E.P. 5401 NARÓN AO VAL POLO CASTRO (TRAVESÍA DA XUBIA Á ESTRADA DE VALDOVIÑO) DO PK. 0,000 AO 2,480	641.420,31	281.302,8
AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR DO PK. 0,000 AO 5,900	676.315,41	83.896,63
TOTAIS	2.569.487,71	526.787,6

2.- Expoñer ao público os proxectos da primeira relación da anualidade 2004 do Programa de actuación na rede de estradas provinciais, período 2002-2005 mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido este sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación, dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a relación das obras, de

conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia, e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequenos radios, con edificacións e vivendas pegadas á estrada que fan necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Expoñer ao público o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen, e logo da existencia previa de crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.

9.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE OBRAS QUE SE HAN INCLUÍR NO PLAN DE TRAVESÍAS 2004-2007 2ª E 3ª FASE, ANUALIDADE 2004 .

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

A Comisión queda informada da relación das obras que se han incluír no Plan de travesías 2004-2007, 2ª e 3ª fase, anualidade 2004, e cuxa relación figura como [anexo](#).

PLAN DE TRAVESIAS 2004 2ª e 3ª FASES

Servizo de Vías e Obras

CÓDIGO	NOME	P. K. I.	P. K. F.	LONXITUDE	CONCELLO	INFORME PREVIO	Proxectista	ORZAMENTO LICITACIÓN
C0205	BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA	0	3,13	3,13	AMES	Travesía en Bugalido Ortoño ... (estrada antiga RAMAL 1 dende o p. k. 0,00 ao 1,21 e do 1,64 ao 1,910 e do 2,29 ao 3,13 e RAMAL 2 dende o p. k. 0,00 ao 0,35) Beirarrúas, recollida de pluviais, canalizacións de Telefónica e Fenosa por convenio)		670.000,00
C0603	BOIMORTO A ORXAL POLA MOTA	0,3	1,3	1,00	BOIMORTO	Orixe: EP1002 final EP0602 A obra que se ha executar sería a de beirarrúas e recollida de pluviais até o campo de fútbol e área deportiva		260.000,00
C0810	GUILIADE A GUÍSAMO	0,97	1,67	0,70	BETANZOS	Tramo da estrada antiga que discorre polo Lugar de Piadela beirarrúas recollida de pluviais e residuais		280.000,00
C0905	BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO	6,11	7,56	1,45	PADERNE	Travesía no lugar de Areas (Adragonte) coas necesarias obras de canalización de pluviais, residuais, rede de alumemento, beirarrúas, afirmado de sobreaños e renovación da capa de rodadura con mestura asfáltica.		314.808,25
C1704	CAMBRE A CARRAL	2,5	3,125	0,63	CAMBRE	Plataforma peonil por unha marxe		50.000,00
C1706	TEMPLE A CAMBRE	2,24	2,65	0,41	CAMBRE	Plataforma peonil por unha marxe.		40.000,00
C2403	CERCEDA A XESTEDA	2,9	3,52	0,62	CERCEDA	Treito de beirarrúas no Calvario		90.000,00

CÓDIGO	NOME	P. K. I.	P. K. F.	LONXITUDE	CONCELLO	INFORME PREVIO	Proxectista	ORZAMENTO LICITACIÓN
C3002	A MOURA A BENS	0	1,53	1,53	A CORUÑA	Mellora da seguridade vial con execución de beirarrúas, recollida de pluviais e mellora da calzada		540.000,00
C3004	CABANAS A MARTINETE Km 0,86 DA EP0512	0,3	1,4	1,10	A CORUÑA	Mellora da seguridade vial con execución de beirarrúas, recollida de pluviais e mellora da calzada Necesario expropiar		340.000,00
C3006	ACCESO Á ZAPATEIRA	2,71	2,83	0,12	CULLEREDO	Mellora da seguridade vial con execución de beirarrúas, recollida de pluviais e mellora da calzada MOI IMPORTANTE. Acceso peonil dende a urbanización Valaire ao casino		24.000,00
C3109	VILABOA A PEIRO POR TARRÍO	0	3,12	3,12	CULLEREDO	Treito do p. k. 0 ao 0,82 Sen beirarrúas , Treito do p. k. 2,76 ao 3,12. Sen beirarrúas. Mellora da seguridade vial con execución de beirarrúas, recollida de pluviais e mellora da calzada . No primeiro treito o concello solicita carril de vehículos lentos		600.000,00
C3302	A ESCRAVITUDE A S. XULIÁN DE LAIÑO	5,3	5,71	0,41	ROIS	Lugar de Antequeira.		205.000,00
C3802	ORDES A PONTE CARREIRA	17	17,16	0,16	FRADES	Travesía até ao cemiterio. É o treito que queda sen beirarrúas		120.000,00
C4307	MALPICA A PONTECESO	0,8	5,48	4,68	MALPICA DE BERGANTIÑOS	Travesía en Seaia (p. k. 0,8 ao 1,06) Beo(p. k. 1,95 ao 2,34) e Mens(p. k. 5,24 ao 5,48)		450.000,00
C7202	RIANXO A BURES POR ASADOS	0	0,45	0,45	RIANXO	Beirarrúas pavimentacion e servizos na rúa de Rinlo (pode ser insuficiente o orzamento previsto)		206.287,47
C7803	SANTIAGO A FIGUEIRAS	3,52	4	0,48	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Prolongación de beirarrúas dende Codesedas á igrexa por unha marxe		210.000,00

CÓDIGO	NOME	P. K. I.	P. K. F.	LONXITUDE	CONCELLO	INFORME PREVIO	Proxectista	ORZAMENTO LICITACIÓN
C7804	VAL DO DUBRA A SANTIAGO	21,2	21,71	0,51	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Travesía no lugar da Peregrina a pte Romaño		306.000,00
C8202	AS GALANAS A CACHEIRAS	1,3	1,86	0,56	TEO	Mellora da seguridade vial con execución de beirarrúas, recollida de pluviais e mellora da calzada no lugar de Solláns		336.000,00
Lonxitude de actuación		21,06 Km				Orzamento de contrata		5.042.095,72 Euros

10.-TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 6.862, DO 6 DE MAIO DE 2004, SOBRE DESIGNACIÓN DE D. CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ, COMO REPRESENTANTE DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN NOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL .

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Ratificar a resolución núm. 6.862, do 6 de maio de 2004, sobre a designación de D. CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ, como representante desta Excma. Deputación nos órganos de goberno da FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL.

**ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS**

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo grupo provincial popular sobre o alleamento do Teatro Colón. Sr. López Crespo, vai presentar vostede a moción? Pois ten vostede a palabra.

Sr. López Crespo

A moción presentámola con carácter de urxencia, podíamos tela feito agora, pero persoalmente considerei que era mellor presentala cando a fixemos, que foi hoxe ás once da mañá cando a redactamos, é dicir, que non queriamos nin é o estilo deste grupo a sorpresa, no momento en que a tivemos redactada presentámola porque queriamos que a coñecesen. Non sei se isto axudará a que vostedes voten a urxencia, en todo caso nós tratamos de que así fose.

Pasamos do 26 de marzo, onde nos atopábamos nun ambiente de rumoroloxía, ao 6 de maio, que coñecemos onte, por iso facemos a moción, que se asina unha resolución de Presidencia, a 6926, na que pasamos xa ao mundo da conformidade da noticia que nós temiamos, que era o alleamento do Teatro Colón. Nese decreto, entre outras cousas, dise que o equipo de goberno considera máis conveniente o alleamento do Teatro Colón, á parte doutras cousas. Isto preocúpanos dobremente, dobremente no sentido de que o equipo de goberno son dous partidos, e entón preocúpanos polo PS de G e polo BNG. Danse algúns argumentos de conveniencia, que se entenden talvez máis a través da prensa, tomando algunhas noticias da prensa como manifestacións textuais das persoas que as fixeron, fálase dunha falta de programación do Teatro Colón, fálase de que estaría atendida a demanda cultural da provincia mellor con esta nova situación do Teatro Colón, e iso preocúpanos máis aínda, porque se ben é certo que non quedou

feita unha programación da actividade do Teatro Colón, si é certo que se programa unha reparación, e ben, cando se repara un edificio non se repara para telo quieto, isto pasa desde as nosas casas até os edificios institucionais públicos onde se van desenvolver actividades, se se repara é para algo. Este Teatro Colón tivera unha programación, nalgún momento mesmo intensa, moi intensa, respecto á utilización por parte de persoas de toda a provincia, e tamén da cidade da Coruña, pero non vemos máis argumentos polos que se pense nese alleamento. En contra, nós consideramos que a unidade de espazo, unidade de espazo da deputación, non todo pode estar aquí, pero se unha vez que conseguimos un importante edificio como este, mesmo cunha certa nobreza no que se refire ao seu estilo arquitectónico, e por suposto cunha extraordinaria situación no que se refire á zona onde se encontra, sería unha mágoa desmembralo.

E tamén, por que non dicilo, a historia ás veces axúdanos algo, houbo nun tempo unha clamorosa demanda dalgúns medios de comunicación, de bastantes, de case todos, para que se mercase este Teatro Colón. Ben, tal vez o xesto de sorpresa sexa momentáneo cando eu lle traía fotocopias de prensa dos tempos en que aquí gobernaba un, dous, tres, catro, presidentes atrás, houbo unha, case, clamorosa petición dos medios de comunicación, claro que aos medios de comunicación eu concédolles o beneficio de que establecen debates públicos que sempre se orientan á consecución dos mellores obxectivos, por iso eu menciónoo.

Entón, unha cousa que pode ser algo de morriña, pero eu, que son alcalde de Outes, paréceme que aí no Teatro Colón, igual que aquí, temos unha pequena parcela os de Outes, de verdade, e os nosos rapaces cando veñen cantar e a tocar a gaita á Coruña encántalles facelo no Teatro Colón, que o podíamos facer igual sendo o Teatro Colón de Coca-Cola, de Pepsi-Cola, ou do Circuito mundial de fórmula 1, pero que nos parece que é moito máis entrañábel, repito, entrañábel, e falo de puro afecto, que sexa da Deputación Provincial da Coruña.

Por iso, a nós parécenos que no mundo de hoxe, onde é tan difícil para o mundo da cultura a consecución de espazos, parécenos que desprenderse dun espazo de titularidade pública como é o Teatro Colón, parécenos un luxo que dificilmente se podería comprender. Aquí o Partido Popular gobernou durante un tempo esta institución, e eu persoalmente tiven a sorte de xestionar o departamento de Cultura, e eran innumerábeis -aí estarán os arquivos- as solicitudes que nos facían grupos de teatro, grupos de baile, grupos de música, para a utilización do Teatro Colón, e claro que lles dábamos outras alternativas e recursos, e dicíamos “oe, tendes un teatro marabilloso no Calvo Sotelo”, e dicían “non, pero é que xa estamos nunha certa categoría, un certo nivel, que preferimos o Colón, de verdade”; e viñan ao Colón e a verdade é que se sentían marabillados.

Por todo isto, e considerando que o Partido Popular non é alleo ás dificultades económicas, é dicir, os problemas económicos que xera o desenvolvemento dunha

política cultural de calidade, nós comprendiamos e así o fixemos notar no rogo do 26 de marzo, que esta deputación, se ten problemas, ou se considera que hai problemas económicos para seguir desenvolvendo actividades e xestionar o Teatro Colón, que se busquen os recursos onde sexan, por suposto non imos ser nós, os do Partido Popular, os que poñamos trabas a que eses recursos procedan da empresa privada, é dicir, neste caso, unha vez máis, unha esaxeración do neoliberalismo non o veríamos mal para que apoie a promoción da cultura. Pero iso pódese facer seguindo a propiedade do Colón en mans da deputación; iso pódese facer seguindo a xestión e a determinación da programación do Colón en mans da deputación. Porque é que hai unha sospeita máis adiante, e tamén falo da prensa, que está aquí destes días, dísenos tamén que pode haber unha falta de programación no Centro das Artes, boa, aplicando un pequeno siloxismo, se A e B, e B e C, etc., se a falta de programación do Colón e a súa reparación nos levan a iniciar un trámite de alleamento, por analoxía podería ser que a falta de programación no Centro das Artes e a reparación nos levase ao alleamento, pero isto podía ser unha cadea que comeza aquí pero que podía rematar, tamén por recorrer á prensa, nunha frase do actual señor presidente, que dicía nunha entrevista en “La Opinión”, alá polo mes de febreiro, que as deputacións eran perfectamente prescindíbeis, pois podía ser o inicio do alleamento deste edificio e da institución como tal. Este último aspecto comprendo que é unha expresión pragmática do presidente, que non é que queira acabar coas deputacións, que ademais podemos incluso estar de acordo en certos aspectos, pero ben, levando a serie de alleamentos a un terreo cun certo humor, pero humor negro como será o Teatro Colón coas luces apagadas, e non sendo propiedade da deputación.

Por iso nós pedimos, se se votase a urxencia teríamos tempo, pero tampouco quero cansar a boa intención do presidente ao deixarme facer esta extensa exposición só para xustificar a urxencia, urxencia que se xustifica no sentido de que se se segue coa tramitación do expediente pois podíámonos encontrar con que dentro dun mes, cando cheguemos ao Pleno xa non temos tempo a dicir nada, só se vai vir aquí a levantar as mans, e cando se levantan máis mans dun lado que doutro, evidentemente, en democracia, gañan os que levantan máis mans, como dun lado son dezaseis mans e doutro son quince, pois igual gañaban os de dezaseis. Por iso pedimos a urxencia da moción. E o que pedimos é que se nos informe das xestións que se fixeron, se se pode, pensamos que si, que se paralice de forma inmediata o articulado na resolución 6.296; pedimos tamén que se descarte, para tranquilidade nosa e da veciñanza da provincia da Coruña, a venda do Teatro Colón e que se estableza a creación dunha Comisión, nin propomos a configuración desta, alá o goberno da deputación, que se estableza unha Comisión que a partir de agora estude as posibilidades de financiamento e de apoios económicos para que siga o Teatro Colón sendo da deputación e que sigan programándose actividades culturais desta deputación.

Evidentemente, esta moción presentámola ao Pleno pero pediríamos tamén que o BNG, como membro dese goberno, se manifestase neste sentido, e pedímoslle, por suposto, que voten a urxencia. Nada máis e moitas grazas pola benevolencia que tivo.

Sr. Presidente

Voulle responder. Vostede formula un debate e eu voulle responder, sobre algo que non existe, porque nin hai ningunha decisión de allear o Teatro Colón, nin hai ningún convenio con ningunha institución para allear o Teatro Colón, e dificilmente podemos informar e dar conta das xestións realizadas polo equipo de goberno e situación actual das negociacións ou acordos acadados porque non hai ningunha xestión, ningunha negociación e ningún acordo tomado. Non podemos paralizar o proceso de alleamento do Teatro Colón, iniciado pola resolución 6.296 porque non hai ningún proceso, ningún procedemento de alleamento do Teatro Colón iniciado por ningunha resolución; a resolución, efectivamente, ten unha parte expositiva redactada como está redactada, xa sabe como sempre fan, e outra parte que di “pásese de ben de dominio público a ben de dominio patrimonial e lévese a un Pleno”. Polo tanto, non ten ningunha validez porque non se levou a ningún Pleno. O que si é certo é que temos un problema, o equipo de goberno e esta deputación, temos que decidir que facemos co Teatro Colón, porque non é razoábel nin lóxico que nos pase co Teatro Colón o que nos pasou coas Torres do Allo, que esta deputación mercou, esta deputación rehabilitou sen saber para que, leva seis anos pechada, e hai que facer un reformado para amañar as Torres do Allo porque se estragaron, porque se arranxaron sen saber para que. E teremos que decidir que tipo de xestión queremos para o Teatro Colón, porque se mercou un teatro, investíronse 1.500 millóns de pesetas, estanse a investir 1.500 millóns de pesetas, e non hai ningún proxecto de xestión nin ningún proxecto cultural detrás, o mesmo que está pasando co Centro das Artes, que se están a investir mil e pico millóns de pesetas e non hai ningún proxecto museístico detrás.

E sobre isto teremos que decidir, o Pleno da Corporación; non o equipo de goberno; o Pleno da Corporación. Quero desmentir que haxa xestións; nin hai xestións, nin hai convenios nin hai nada; nin é certo que se dirixise aquí o Casino para montar un bingo, nin é certo que se dirixise ningún grupo empresarial para crear un centro comercial, nin absolutamente nada; é certo que nos estamos formulando que tipo de xestión podemos facer, e é certo que eu formulei persoalmente, -non é compartido, ímolo debater-, que unha das posibilidades era allear o Teatro Colón, pero non allealo para vivendas nin oficinas; allealo a unha entidade pública ou privada sen ánimo de lucro para o converter nun centro cultural, que se manteña o uso, e con ese diñeiro facer investimentos culturais na provincia. Pero disto falaremos máis adiante porque non é este o momento, quéroo deixar claro porque é a única oportunidade que tiven de falar, para desmentir que non hai ningún convenio, ningunha decisión, e que non é certo que ninguén pensara aquí en facer ningún casino, ningún bingo nin ningún centro comercial.

E é certo, efectivamente eu entendo a preocupación que ten o Sr. voceiro do Partido Popular en manter a titularidade pública deste centro, que se corresponde exactamente coa mesma vontade que tiña o Partido Popular no ano 98, cando aproba un Prego de cláusulas administrativas e particulares para a contratación do arrendamento do Teatro Colón, -que tamén se paralizou-, mediante o cal se pretendía arrendar por dez anos o Teatro Colón por 812.000 pesetas mensuais, destinado a proxección cinematográfica, e reservándose a deputación oito días completos ao mes para a realización no Teatro Colón daquelas actividades culturais e demais da competencia da deputación que considerase oportuno. Entón, hai unha certa contradición.

Mire, este é un tema cuxa resolución deberíamos abordar entre todos, e é un tema que, se aborde dun modo ou doutro, pode ter repercusións a medio prazo para esta deputación. Eu propóñolles a vostedes, e está falado e compartido co equipo de goberno, crear o que vostedes crearon no ano 98, unha Comisión onde estean representados os tres grupos políticos, onde estean representados técnicos desta casa, e avalíen e estuden todas as posibilidades de xestión que a lei ofrece, que se tome un acordo, que se traia ao Pleno, e que se decida conxuntamente.

Nós non imos votar a urxencia desta moción porque, créame, non hai nada que explicar. Propomos, se vostedes aceptan, algo que vostedes propuxeron e fixeron, que se reuniron e deu lugar a este prego de condicións técnicas, crear esa Comisión técnica e analicemos, debatamos, profundamente e con calma e sosego as decisións que haxa que tomar. Non son urxentes, pero no prazo de tres ou catro meses temos que ter decidido que é o que queremos facer, porque se hai que tomar algunha decisión haberá que modificar a relación de postos de traballo, haberá que prever a contratación de persoal, haberá que facer cousas.

Polo tanto, temos, con tempo, con calma, sen présas, reunirmonos e debater. Isto é o que queremos facer e convidámoslos, ao Grupo Popular a que participe e designe a un membro para participar nesta comisión. E o voto do grupo de goberno, dos grupos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego vai ser en contra da urxencia porque, como lle dixen antes, Sr. López Crespo, créame, estamos a debater sobre un tema que aparece nun xornal no que despois se piden opinións a outros, e créase unha bóla cando non hai absolutamente nada.

Sr. López Crespo

Verdade que aquilo da Comisión do ano 98, para o alugar, era unha barbaridade? Non me conteste. Non se fixo. Esperemos que o alleamento, que é unha barbaridade similar, non se faga.

Sr. Moreda, non me compare o abandono das Torres do Allo co Teatro Colón; non me xustifique que se mercaron as Torres do Allo e que estiveron abandonadas, co Teatro Colón, non me compare; non me compare o Centro das Artes. O Partido

Popular, cando fixo un concurso para amañar o Centro das Artes, dicía “á vez que con criterios museolóxicos modernos poidan promoverse exposicións temporais que melloren a oferta de lecer e cultura para todos os veciños da nosa provincia”, non me compare. E barbaridades, cométense, se marchamos de aquí hoxe sabendo que non se vai vender o Teatro Colón, xúrolllo, eu vou moito máis contento, os meus compañeiros tamén, pero entón propóñolle outra cousa: non votemos esta moción; votemos unha parecida que diga que nos comprometemos a non vender o Teatro Colón, e cambiamos todo, chámelle transaccional, chámelle como queira, votamos unha que digamos “comprometémonos o Pleno da Deputación, como principio metodolóxico a traballar a prol da cultura da provincia da Coruña e de Galicia” porque, e grazas por deixarmo dicir, a cultura e o ensino son os únicos mecanismos cos que imos curar os males actuais do mundo, coa cultura e o ensino, que non sexa a parte económica a que nos prive de desenvolver esas actividades culturais e de ensino. Teñen un problema para os políticos: que nós queremos inmediatez, e a cultura preséntase remisa a ter beneficios políticos para nós, teñamos precaución, por iso o Partido Popular apóiaos, sexamos sensatos, manteñamos o patrimonio cultural, o Teatro Colón é un, votemos hoxe aquí unha moción que diga nada máis que “comprometémonos a non vender o Teatro Colón”, e nós xa marchamos tranquilos. E se non o votamos, vostedes gañan, que lle imos facer!, se conseguimos que non o vendan, estamos encantados. Nesa comisión? Díganos o día, a data, e o lugar, imos estar alí todos os que nos deixen, e imos falar do que nos deixen, que é de manter o Teatro Colón.

Grazas pola amabilidade de deixarnos expor con esta liberdade, Sr. presidente.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. López Crespo. Xa sabe que eu sempre permito expresar á xente con total e absoluta liberdade, independente das cousas que digan, estéase de acordo, ou non se estea de acordo. Pero, efectivamente, temos un problema, e este problema non o creou este goberno; cando se merca unha cousa, mércase para algo; cando unha cousa se rehabilita, rehabilitase para algo; e cando unha persoa ou unha institución toma unha decisión para facer un investimento, sábese o que se quere facer, e esta Comisión, ao mellor, terá que falar tamén cando rematen os traballos do Centro das Artes, a ver como enchemos ese museo, e que podemos facer. Hai así moitas cousas, si, a patadas, pero aquí non hai ningún proxecto cultural nin museístico detrás.

Sométese a votación a urxencia da moción presentada polo Grupo Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados - (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 -PSOE e 5 - BNG)

Abstéñense: Ningún.

Non habendo os votos precisos, enténdese decaída a moción.

Sr. Presidente

Habrá que facer unha Comisión, constituíla, e cando rematen os traballos, que se leve a unha Comisión e a un Pleno.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Fondo Aguiar

O meu rogo vai dirixido ao responsábel da Comisión de Vías e Obras, o Sr. Candela, e é referente a unhas estradas no municipio de Cabana. Estes días, ou esta tempada, estase a facer unha ponte que une os municipios de Ponteceso con Cabana, e ben, o problema que teñen os veciños é o desvío de estradas, o desvío transcorre, digamos que máis dun 70%, por estradas provinciais, concretamente pola estrada 1402, 1403 e 1405. Nós sabemos da preocupación do Sr. responsábel de Vías e Obras, e agradeceríamolle que neste mes que van durar as obras os servizos de Conservación teñan unha atención especial con esas estradas. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Sr. Candela, non ten vostede a obriga de responder, é un rogo, se quere responder, ten a palabra, pero se non, pásaselle aos servizos técnicos e que informen, como vostede queira.

Sr. Candela Castriño

Nos servizos da Comisión de Vías e Obras non temos coñecemento oficial do inicio das obras, do seu contido, e das necesidades que presentan na súa realización. Rogaríamos que, en primeiro lugar, a administración correspondente nos dea conta desas necesidades, co obxectivo de podelas estudar e darlles a resposta que corresponda.

A continuación, intervén o Sr. Lamas Sánchez, poñéndose de pe para enfatizar a satisfacción do seu grupo pola modificación orzamentaria realizada para resolver o problema das subvencións aos clubs pero manifesta a súa preocupación polo retraso no procedemento e pide que se axilice.

Sr. Presidente

Ten razón, Sr. Lamas, estábamos agardando nos servizos de Deportes a que todas as federacións enviasen a documentación completa, como vimos que isto se demoraba, déronse instrucións para que vaian facendo xa os convenios coas federacións que completaron a documentación, porque se non, poderíamos estar esperando a setembro ou outubro a que completasen todas as federacións a documentación.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as dezaioito horas e corenta e cinco minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu secretario, dou fe.